




A ARTESANÍA DA CERVEXA GALEGA

Un percorrido para achegarche á reinvención da tradición e a historia da cervexa artesanal galega nesta comarca que tan unida estivo a este produto, agora reinventado. Por unha banda, na localidade mariñeira e modernista de Sada, convidámosche a que aproveites a túa estancia neste importante porto deportivo para realizar algunha actividade náutica, tras o cal gozarás descubrindo os detalles do proceso de fabricación artesanal da cervexa. E en Betanzos, realizarás a Ruta do Lúpulo e a cervexa galega, coa que aprenderás unha chea de historias relacionadas coa vinculación deste territorio ao cultivo deste sorprendente produto. Para finalizar, non poderás resistir a tentación de percorrer as rúas empedradas desta vila medieval, dedicadas a oficios tan tradicionais como a ourivaría, tras o que non te poderás marchar sen coñecer máis sobre esta fascinante e delicada actividade artesanal.

- a. Porto Deportivo de Sada
- b. Bandua Beer
- c. Lutega
- d. Centro Histórico de Betanzos
- e. Anarasetón

-  **2 DÍAS** (2 días - 1 noite)
-  **14 KM**
-  **2 CONCELLOS**
Sada, Betanzos



DÍA 1

a

PORTO DEPORTIVO DE SADA

O abrigo da ría e as posibilidades de navegación durante todo o ano fan deste porto un dos preferidos polos amantes da vela e os deportes náuticos. A súa dársena deportiva, a máis grande de toda Galicia é unha das mellor valoradas do norte de España, ofrece todo tipo de servizos de recreo náutico. Goza das vistas da Ría desde o mariñeiro barrio de Fontán, situado na parte alta do porto, e non te perdas a oportunidade de embarcarte e navegar entre as bateas de cultivo do mexillón e os criadeiros de algas da ría. Se tes sorte, poida que ata che acompañen os golfiños que periodicamente frecuentan estas augas!



Datos de interese: Avda do Porto, S/N, 15160 Sada, A Coruña.

Tlfno 981 619 015. Información máis detallada en:

<http://turismo.dicoruna.es/industrial/gl/reinventando-la-alimentacion/porto-deportivo-de-sada>


Duración aproximada da visita: con saída náutica, medio día

Distancia ao seguinte punto de visita: 1 km



b. BANDUA BEER

E tras a navegación, a visita ás instalacións desta empresa de recente creación permitirache coñecer o proceso de elaboración da cervexa Bandua, un tipo de cervexa artesanal caracterizada por non empregar aditivos químicos nin proceso de pasteurización ou filtrado. E despois de coñecela, a probala! A visita conclúe cunha degustación final na que poderás apreciar o delicadísimo sabor da variedade de cervexa que prefiras. Ti elixes!

 **Datos de interese:** Avda. do Porto, 22 Baixo, 15160 Sada, A Coruña.
Tlfno 981 621 848. Información máis detallada en:
<http://turismo.dicoruna.es/industrial/gl/reinventando-la-alimentacion/bandua-beer>
Duración aproximada da visita: 30 min
Distancia ao seguinte punto de visita: 11 km




DÍA 2

C

LUTEGA



Lúpulo Tecnoloxía de Galicia (LU.CHE.GA) é unha empresa de recente creación que traballa na reimplantación do cultivo do lúpulo en Galicia, así como na súa transformación e comercialización entre os principais produtores nacionais de cervexa. A través da visita ás súas plantacións, poderás participar nos labores de poda, esquejado, rubido con pardalera ou mesmo na recollida da colleita, sen esquecer unha degustación final e maridaxe da cervexa cos mellores produtos da zona.

 **Datos de interese:** Apartado de Correos, nº3 15300 Betanzos, A Coruña. Teléfonos 981 287 207 // 678 466 134. Información máis detallada en: <http://turismo.dicoruna.es/industrial/gl/reinventando-la-alimentacion/lutega-ruta-del-lupulo-y-la-cerveza-gallega>
Duración aproximada da visita: medio día
Distancia ao seguinte punto de visita: 1 km

d

CENTRO HISTÓRICO DE BETANZOS

A cidade histórica de Betanzos conta cun amplo patrimonio industrial, como o antigo matadoiro, un curioso edificio construído en 1901 que estivo en funcionamento ata a década de 1970, e que, a día de hoxe, foi rehabilitado como centro cívico. Tamén a próxima ponte metálica da liña férrea Betanzos-Ferrol, así como algúns restos de antigas fábricas de luz ou o do curioso secadoiro de lúpulo, hoxe abandonados.

 **Datos de interese:** Villa de Betanzos, 15300 Betanzos, A Coruña. Información máis detallada en: <http://turismo.dicoruna.es/industrial/gl/reinventando-la-alimentacion/centro-historico-de-betanzos>
Distancia ao seguinte punto de visita: 1 km

e

ANAROSSETÓN

Esta ourivaría, situada no centro histórico de Betanzos, é famosa pola súa coñecida colección de rosetóns do románico galego, así como polo seu Rosario de Castañas (elaborado en cobre, e que reproduce o rosario de castañas cocidas que levaban outrora colgando ao pescozo os nenos o 1 de novembro, día de Todos os Santos), e o amuleto da Castaña da Envexa. As súas pezas son elaboradas principalmente en Prata de Lei, e realízanse seguindo métodos artesanais. Visítala, e comprobarás como os elementos que che rodearon durante a túa viaxe poden converterse en xoias!



Datos de interese: Rúa dos Prateiros, 22 Bajo, 15300, Betanzos, A Coruña.
 Teléfono 628 649 775. Información máis detallada en:
<http://turismo.dicoruna.es/industrial/gl/reinventando-la-alimentacion/anaroseton>
Duración aproximada da visita: 30 min